



Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
[concello@ponteceso.gal](mailto:concello@ponteceso.gal)  
[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## CONSULTA PÚBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

### ORDENANZA XERAL REGULADORA DE VAOS E DEMÁIS UTILIZACIÓNS PRIVATIVAS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DO DOMINIO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTECESO

Por providencia da alcaldía incoouse o correspondente expediente para a aprobación ORDENANZA XERAL REGULADORA VAOS E UTILIZACIÓNS PRIVATIVAS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DO DOMINIO PÚBLICO DO CONCELLO DE PONTECESO para mellorar a organización e funcionamento do mesmo e intentar paliar os problemas de convivencia veciñal, veciños e foráneos que aparcan os seus vehículos diante dos accesos a garaxes e instalacións comerciais impedindo o acceso e o seu normal funcionamento.

O borrador de ordenanza que se adxunta como ANEXO rexe a tramitación e procedemento a hora de aproveitamento especial dun ben de dominio público municipal, pola entrada e saída de vehículos a inmobles urbanos e/ou fincas dende a vía pública e pola reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga, coa consecuente e necesaria prohibición, no seu caso, do estacionamento nos espazos da mesma que conforman os accesos e saídas daqueles, así como os espazos da vía pública restrinxidos para carga e descarga ou aparcamento exclusivo, sendo necesario para elo, solicitar e obter, no seu caso, a correspondente autorización municipal..

O informe xurídico da secretaría municipal sinala que o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio xunto co borrador do proxecto de ordenanza inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días hábiles, os usuarios do servizo ou calquera interesado poidan consultalo e presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras sobre os problemas que a ordenanza trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O Alcalde  
Jose Manuel Mato Martínez



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## ANEXO

### “PREÁMBULO

*Constitúe o obxecto da presente Ordenanza o aproveitamento especial dun ben de dominio público municipal, pola entrada e saída de vehículos a inmobles urbanos e/ou fincas dende a vía pública e pola reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga, coa consecuente e necesaria prohibición, no seu caso, do estacionamento nos espazos da mesma que conforman os accesos e saídas daqueles, así como os espazos da vía pública restrinxidos para carga e descarga ou aparcamento exclusivo, sendo necesario para elo, solicitar e obter, no seu caso, a correspondente autorización municipal.*

### TÍTULO I. VAOS

#### **Artigo 1.- Concepto de vao.**

*Enténdese por vao o espazo da beirarrúa e/ou vía pública sinalizado como tal, que permite o acceso/saída de vehículos aos inmobles ou propiedades particulares a través do mesmo.*

#### **Artigo 2.- Obxecto da licencia.**

*A licencia de vao solicitarase non só para as actuacións definidas no artigo anterior, senón tamén para a entrada de vehículos dende a vía pública a locais ou espazos abertos destinados á garda de vehículos, con independencia de que existan beirarrúas, modificacións de rasantes ou bordos.*

*As obras de modificación do bordo da beirarrúa existente, cumpridos os demais requisitos esixidos nesta Ordenanza, se efectuarán co estrita observancia das directrices determinadas polos Servizos Técnicos Municipais, e conforme coa normativa urbanística en vigor.*

#### **Artigo 3.- Medidas dos vaos.**

3.1. A medida da rampla de acceso:

- 1.–Terá unha altura de 10 cm.
- 2.–Terá unha lonxitude de 20 cm.
- 3.–Terá unha anchura de 300 cm.
- 4.–O material empregado será metálico ou goma ríxida.
- 5.–A superficie será rugosa e antideslizante.



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

6.–A parte inferior, nos seus laterais, será oco entre o inicio da rampla e o bordo nunha altura de 3 cm., coa fin permitir o paso da auga e a non acumulación da mesma.

### **3.2 Medida dos vaos.**

De forma xenérica establécese a lonxitude en **tres metros de ancho** para as distintas modalidades de vao, podendo alcanzar, previa solicitude xustificada do interesado, ata os cinco metros, dependendo da capacidade de manobra dos vehículos, salvo nos casos nos que as dificultades de acceso aos locais, espazos abertos ou garaxes, xustifiquen debidamente una lonxitude superior, así como naqueles casos que, conforme á ordenación urbanística, tamén o esixa. Non poderán ampliar a lonxitude no acceso, os espazos abertos ou garaxes con capacidade inferior a cinco vehículos.

### **Artigo 4.- Órgano competente.**

O Alcalde/sa ou Concelleiro/a Delegado/a é o órgano competente para aprobar as licencias das diferentes modalidades de vaos aos que fai referencia a presente Ordenanza. Esta competencia pode ser delegada en Xunta de Goberno Local.

### **Artigo 5.- Modelo de solicitude.**

A solicitude se deberá de realizar consorte o indicado no Anexo 1. Este modelo estará a disposición dos/das solicitantes de forma física nas dependencias municipais así como na sede electrónica do Concello. Este impreso é tipo cuestionario de xeito que o solicitante tan só ten que encher os espazos en branco, debendo incorporar a documentación solicitada no punto 3 do Anexo 1. “Documentación a acompañar”.

### **Artigo 6.-Forma de concesión da licenza de Vao.**

1. Unha vez recibida a solicitude, esta será remitida os servizos técnicos municipais, a efectos do pertinente informe. Estes comprobaran que a solicitude é conforme tanto ca normativa urbanística vixente no concello de Ponteceso así como no indicado en esta Ordenanza. Para estes efectos poderá ser requirida toda aquela documentación que se estime oportuna.

2. Se o informe é negativo se resolverá denegando a licenza de vao dando o/a solicitante o pertinente pe de recurso.



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

3. Para os caso que o informe sexa positivo o Concello confeccionará un formulario “tipo” para a expedición das resolucións de licencias de vao que recolla, ademais dos datos persoais do/da titular, as peculiaridades de concesión das respectivas modalidades de vao en canto ás condicións esixidas na presente Ordenanza, principalmente no seguinte:

- Modalidade de vao autorizado.
- Situación do inmovible ou finca para onde se concede a licenza de vao.
- Finalidade á que se destina.
- Instrución técnica que deberá seguir o titular nas obras de modificación do bordo da beirarrúa ou, no seu caso, da instalación de ramplas metálicas entre la calzada e o referido bordo.
- Número máximo de prazas autorizadas.
- Superficie do garaxe ou local.
- Metros lineais da autorización da reserva do vao.
- Indicación da obrigatoriedade de proceder á sinalización horizontal da reserva do vao, cando proceda.

4. Nesta resolución se procedera a outorgar un número de vao e será notificada o/a solicitante así como a policía municipal a efectos do seu coñecemento así como os servizos económicos para que sexa incorporada o censo fiscal a efectos tributarios.

### **Artigo 7- Modalidades de Vaos.**

As autorizacións que se contemplan nesta Ordenanza establecen no Termo Municipal as seguintes modalidades de vaos:

- Vao Permanente
- Vao Permanente Provisional
- Vao Laboral
- Vao de Obra

### **Artigo 8.- Vaos Permanentes**

#### **8.1. Definición.**

O Vao Permanente é aquel que permite o paso de vehículos durante as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, prohibindo automaticamente na calzada e fronte ao mesmo, o estacionamento de vehículos, incluso, os que sexan do titular ou usuario do vao.

#### **8.2. Ámbito subxectivo:**



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

- 1.- *Locais, garaxes, fincas con garaxe e propiedades destinadas en exclusiva á gardería de vehículos de comunidades de veciños e/ou particulares.*
- 2.- *Espazos abertos ou locais destinados a servizos vinte e catro horas, como son as gasolineiras ou estacións de servizos e talleres dos chamados de garda; centros de saúde, tanatorios e outros que presten servizos de urxencias.*
- 3.- *Naves industriais ou locais nos que no seu interior se realicen actividades de carácter continuo que teñan vinculadas zonas como depósito almacén ou de fabricación.*
- 4.- *Locais onde se desenrolen actividades ou se presten servizos, cuxo titular sexa unha Administración Pública, así como os depósitos ou almacéns vinculados a aqueles.*
- 5.- *Recintos valados anexos a unha actividade e destinados ao estacionamento de vehículos en superficie.*
- 6.- *Aqueles supostos que reúnan análogas características.*
- 7.- *Fincas con vivendas unifamiliares que dispoñan de espazo libre para o aparcamento, así como as vías de acceso ás mesmas cando proceda, previo informe favorable da Policía Local.*

**8.3. Requisitos para a súa obtención:**

- 1.- *Licencia municipal de apertura da industria molesta ou de actividade, no seu caso e de final de obra ou análogos.*
- 2.- *Os locais de particulares que non estando en posesión da licencia de apertura de industria molesta reúnan as seguintes condicións:*
  - a) *Que posúan unha superficie ata un máximo de cen metros cadrados, polo que terán a consideración de locais de risco especial baixo e que se garden un mínimo de tres turismos*
  - b) *Certificado emitido por técnico competente no que se recolla o cumprimento do Documento Básico DB SI de seguridade no caso de incendio ou normativa que o substitúa.*
- 3.- *As fincas con garaxe e/ou vivendas unifamiliares, nas que no seu interior se garden vehículos, presentaran fotocopia do derradeiro recibo do IBI que servirá de xustificante da titularidade da mesma*

**8.4. Excepción.**

*De xeito excepcional poderá concederse vao permanente para locais destinados a actividades que, pola índole das mesmas requiran ter o acceso libre permanentemente, debendo aportar o interesado na solicitude os xustificantes que se consideren oportunos. A concesión desta autorización será motivada polo órgano concedente, visto o informe técnico favorable, atendendo á actividade desenrolada, a necesidade aludida, o seu emprazamento e a excepcionalidade do caso.*

**Artigo 9.- Vaos permanentes provisionais.**



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

### **9.1. Definición.**

*O Vao Permanente Provisional permitirá o paso de vehículos durante as vinte e catro horas do día, prohibindo automaticamente na calzada e fronte ao mesmo o estacionamento de vehículos, incluso, os que sexan do titular ou usuario do vao. Concederáse licenza de vao permanente provisional mentres dure o trámite de licenza da actividade de industria molesta de garaxes para a obtención do vao permanente propiamente dito, sempre e cando se acredite nos respectivos expedientes o cumprimento da normativa vixente, debendo contar para elo cós informes favorables dos Servizos Técnicos correspondentes.*

### **9.2. Duración da provisionalidade.**

*Concederáse licenza de vao provisional por períodos de seis meses, prorrogándose mediante solicitude do titular, sempre e cando o expediente da actividade en trámite no se paralice por observacións negativas en contra ou por causas imputables ao solicitante, en cuxo caso anularáse dita licenza segundo establece esta ordenanza Ordenanza.*

## **Artigo 10.-Vao laboral.**

### **10.1 Definición.**

*O Vao Laboral é aquel que permitirá o paso de vehículos en días laborables de luns a venres, en horario xenérico de 08:00 a 20:00 horas, excepto os sábados que será de 08:00 a 14:00 horas, prohibindo automaticamente na calzada e fronte ao mesmo o estacionamento de vehículos, incluso, os que sexan do titular ou usuario do vao. A concesión de vao laboral afecto a unha actividade especifica os sábados pola tarde, en horario nocturno ou en días festivos, o será “excepcionalmente” nos casos que sexan debidamente xustificadas pola realización da actividade comercial ou industrial neses días.*

### **10.2. Ámbito subxectivo.**

- 1.- Locais ou espazos abertos en cuxo interior se realice unha actividade comercial ou industrial e que a índole dos mesmos esixa necesariamente a entrada e saída de vehículos, con espazo suficiente no seu interior para a carga e descarga de mercadorías, que permita como mínimo a entrada dun furgón no interior do local.*
- 2.- Os talleres de reparación, venta, mantemento ou entremetemento e limpeza de automóbiles.*
- 3.- Locais pechados ao público destinados exclusivamente a almacén ou depósito de artigos ou produtos obxecto de comercio, que sirvan para subministro deste ou distribución e que a índole dos mesmos esixa necesariamente a entrada e saída de vehículos, con*



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

*espazo suficiente no seu interior para a carga e descarga de mercadorías, que permita como mínimo a entrada dun furgón no interior do local.*

*4.- Locais ou fincas pechados ao público destinado a depósito de produtos agrícolas ou aparellos de labranza.*

*5.- Acceso de particulares a fincas con tractores ou maquinaria agrícola para a realización de traballos propios do campo.*

**10.3. Requisitos para a súa obtención:**

*1.- Licencia de apertura da actividade comercial ou industrial o título habilitante no seu caso.*

*2.- Non se esixira o contemplado no apartado anterior aos locais ou fincas de depósito ou almacén de produtos, aparellos ou para traballos con maquinaria agrícola.*

**Artigo 11.- Vao de obras.**

**11.1 Definición.** *O Vao de obra permitirá o paso de vehículos en días laborables de luns a venres, en horario de 8:00 a 20:00 horas, prohibindo automaticamente na calzada e fronte ao mesmo o estacionamento de vehículos, incluso, os que sexan do titular ou usuario do vao.*

**11.2.** *Concederáse con motivo das obras de reparación ou nova construción de inmobles que esixa o paso de camións pola beirarrúa e con capacidade interior necesaria para realizar operacións de carga e descarga para un ou dous camións, sendo imprescindible que o seu titular teña concedida a preceptiva licencia de obras ou título habilitante.*

**11.3** *A licencia de vao de obra prescribirá unha vez cesen as condicións que posibiliten o acceso de vehículos á obra ou porque o espazo libre no interior da mesma non permita as operacións de carga e descarga de vehículos.*

**Artigo 12.- Identificación dos vaos.**

**12,1.** *As características das distintas modalidades de vao descritas nos artigos 8, 9, 10 e 11 desta Ordenanza consignaranse polo Concello nunha placa de identificación, segundo os modelos do Anexo 2, que consistirá nunha prancha de aluminio de 1 mm. de grosor, esmalte a estufa, impresión indeleble con verniz protector, tamaño 465 x 315 mm., con orla e figura estampada, contendo o Escudo có texto Concello de Ponteceso na parte superior e figurando na zona central a sinal de prohibido estacionar có texto da modalidade de vao que corresponda en cada caso. Na parte inferior de cor vermello para o vao permanente e provisional; amarelo para o laboral e verde para o de obras, constarán, dentro dun precinto, os seguintes datos da Licencia Municipal:*

- Número de identificación da licencia concedida polo Concello e que será correlativo.*
- Nome da vía e número do inmovible ou finca onde se instalará a placa.*



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

- *Horarios correspondentes da autorización.*
- *Número de metros de reserva autorizados.*
- *Outros datos que estime el Concello.*

*12.2 A placa de vao permanente provisional será de idéntico deseño e características que a placa de o vao permanente propiamente dito, coa diferenza de que sobre o círculo da sinal de prohibido estacionar farase constar a palabra provisional, segundo figura no Anexo.*

*12.3 O Concello reservase a facultade de modificar as características das placas de vao e establecer os novos distintivos que estime oportunos.*

### **Artigo 13.-Sinalización**

**13.1. Tipoloxía.** *As licencias de vao están constituídas por dous tipos de sinalización:*

**a) Vertical:** *Mediante a instalación na porta, fachada ou construción dunha placa coa prohibición de estacionamento axustado ao modelo oficial descrito no artigo anterior e que será facilitada polo concello, previo abono das taxas correspondentes e que deberá ser colocada nun lugar visible dende a vía pública no centro da porta ou, no seu caso, no lado do sentido da marcha a unha altura máxima de 2,20 metros sobre o nivel da beirarrúa.*

**b) Horizontal:** *Consistente no pintado de unha franxa ou liña de color amarelo sobre o bordo ou na calzada xunto ao bordo, de lonxitude igual á do vao autorizado, como segue:*

*o Liña continua para o vao permanente e provisional.*

*o Liña descontinua para o vao laboral e de obra.*

*13.3 Os traballos correspondentes á sinalización vertical e horizontal descrita serán por conta do/da titular da licenza, con todos os gastos ao seu cargo.*

### **Artigo 14.-Revogación das licencias.**

**14.1.** *As licencias poderán ser revocadas polo órgano que as ditou nos seguintes casos:*

*a) Por ter desaparecido as causas ou circunstancias que deron lugar á concesión de licenza de vao, ou ser destinadas a outro fin distinto para as que foron concedidas.*

*b) Por incumprir as condicións e requisitos da licenza, os horarios ou carecer da sinalización adecuada.*

*c) Por uso indebido do vao.*





**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

*14.2. A revogación da licencia de vao dará lugar á obrigação do titular de retirar a sinalización, reparar o bordo e beirarrúa no seu caso ao estado inicial, retirar a rampla metálica e entregar a placa de identificación de vao ao Concello.*

**Artigo 15.-Suspensión renovación das autorizacións.**

*O Concello poderá suspender con carácter temporal as autorizacións de entrada de vehículos durante os días e horas establecidos, cando as vías públicas nas que se atopen os accesos resulten afectadas por celebracións de actos, festas, mercados ou feiras de carácter tradicional, obras públicas ou privadas, de emerxencia ou programadas, autorizadas polo Concello, sen que elo orixine, en ningún caso, dereito á devolución da parte proporcional das taxas aboadas.*

**Artigo 16.- Modificación nas características dos vaos.**

*As ampliacións, reducións ou modificacións nos vaos deberán solicitarse polo seu titular seguindo o mesmo trámite que para a súa concesión orixinal, pois é necesaria unha nova autorización municipal.*

**Artigo 17.- Cambios na titularidade da licencia.**

*As autorizacións contempladas nesta Ordenanza a efectos de autorizacións de vaos, en calquera das súas modalidades, serán transmisibles sempre e cando no varíen as condicións que motivaron a súa concesión, previa inspección polos servizos municipais. A tales efectos comunicarse ao Concello mediante un escrito no que deberá constar entre outras circunstancias, que o antigo titular manifesta a súa conformidade.*

**Artigo 18.- Baixa da licencia.**

*Con motivo da baixa da licencia de vao, xa sexa de oficio ou a petición do interesado, o titular da licencia deberá suprimir toda sinalización indicativa da existencia do vao, e repoñer a beirarrúa e o bordo ao seu estado orixinal, e no seu caso, reposición das marcas viarias de sinalización horizontal dando continuidade á ordenación da rúa afectada, coa obriga de devolver a placa de identificación de vao ao órgano administrativo que a entregou, e trala comprobación dos Servizos Técnicos Municipais correspondentes, procederase á concesión da baixa mediante resolución dentro do prazo de un mes.*



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

*Requirido o titular formalmente, se non o fixera pola súa conta, o Concello poderá á súa costa repoñer a beirarrúa ao seu estado orixinal e suprimir toda a sinalización indicativa da existencia do vao, e repercutir o custo de estas actuacións o titular.*

### **Artigo 19.- Anulación das licencias**

*As licencias de vao quedaran anuladas por incumprimento de calquera das obrigacións impostas nesta Ordenanza, previamente se iniciará o correspondente expediente administrativo, garantindo en todo caso a audiencia ao interesado i expresamente por:*

- 1) Non conservar en perfecto estado o pavimento ou a pintura, así como o distintivo sinalizado.*
- 2) Uso indebido do vao.*
- 3) O incumprimento das normas determinadas nesta Ordenanza.*
- 4) Destinar o local a fins distintos aos declarados polo titular.*
- 5) Modificación das circunstancias que orixinaron a concesión.*

*Neste caso o titular do vao terá as mesmas obrigas que as indicadas no artigo anterior.*

### **Artigo 20.- Dereitos do/da titular da licencia.**

***O/A titular da licencia ten o dereito fundamental de acceder e saír co seu vehículo do inmovible, finca, almacén ou obra, podendo solicitar os servizos da Policía Local ou servizo de guindastre, no caso de que o Concello de Ponteceso contase con ese servizo, si no acceso existe algún impedimento ou vehículo, sempre que elo ocorra no horario autorizado, cuxas infraccións serán sancionadas conforme á Lei de Seguridade Viaria e Regulamento Xeral da Circulación.***

### **Artigo 21.-Obrigas do/da titular da licencia.**

- 1) Conservar en bo estado o pavimento da beirarrúa, a rampla e o distintivo ou placa de identificación do vao.*
- 2) Pintar anualmente no bordo, na rampla metálica ou na calzada a franxa correspondente, con pintura amarela de sinalización.*
- 3) Renovar o pavimento da beirarrúa, comprendido en toda a anchura e lonxitude do vao, ao seu estado natural cando o ordene o Concello no caso de producirse danos con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos a través de ditos espazos e que será responsabilidade dos seus titulares. En caso de incumprimento ou de reparacións*



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

*inadecuadas, continuarase o procedemento polo departamento municipal correspondente tendente á execución forzosa nos termos regulados pola Lei vixente.*

*4) Refacer a beirarrúa e o bordo ao seu estado orixinario e retirar a rampla, cando a licenza de vao se extinga, cese a súa vixencia ou sexa anulada.*

*5) Pagar as taxas establecidas na Ordenanza Fiscal correspondente.*

## **TÍTULO II. RESERVA DE ESPAZO PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO E PARA CARGA E DESCARGA**

### **Artigo 22.- Aparcamiento exclusivo.**

*O Concello de Ponteceso poderá autorizar reserva de espazo na vía pública para aparcamento exclusivo a determinadas institucións ou establecementos, e para carga e descarga de mercadorías e materiais fora das zonas que, con carácter xeral, xa estean habilitadas polo propio Concello para vehículos de transporte de persoas ou mercadorías en calidade de servizo público. Tamén se poderá solicitar reserva de aparcamento nos caso de locais con fins sanitarios, veterinarios ou de farmacia.*

*Poderanse autorizar tamén reservas de ocupación e uso do espazo público de carácter temporal para outros fins como subministracións e bombeo de formigón, descarga de gasóleo, vehículos de exposición, mesas ou pequenas instalacións para reparto de publicidade comercial e outros semellantes.*

### **Artigo 23.- Procedemento.**

*23.1. Os interesados en obter calquera das autorizacións indicadas no artigo anterior, deberán solicitala, expresamente, indicando a vía pública e número da mesma fronte o que se solicita a reserva, metros lineais de ocupación ou no seu caso, peche de rúa, finalidade ou motivo, concretando o tempo de ocupación.*

*23.2. A concesión da autorización, será discrecional, previo informe dos Servizos Técnicos Municipais, valorando as circunstancias do tráfico, a proximidade ou non de zonas habilitadas para carga e descarga, ou outras que se consideren oportunas.*

*23.3. Os interesados/As interesadas deberán aboar as taxas que se establezan nas Ordenanzas Fiscais en vigor.*

## **TÍTULO III. REXIME SANCIONADOR**

### **Artigo 24.- Inspección e denuncia.**

*Corresponde aos Servizos Técnicos Municipais e á Policía Local en funcións de Policía administrativa a comprobación e no seu caso denuncia das infraccións que observen en relación có establecido nesta Ordenanza.*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

### **Artigo 25.-Clasificación das infraccións.**

*As infraccións dos titulares de locais ou garaxes aos que se refire esta Ordenanza se clasifican en leves, graves e moi graves.*

- 1) As leves serán sancionadas con multas de 90 a 150 €*
- 2) As graves serán sancionadas con multas de 151 a 300 € e coa suspensión da licencia de un a seis meses no seu caso.*
- 3) As moi graves serán sancionadas con multas de 301 a 600 € e coa suspensión da licencia por máis de seis meses, podendo revocarse esta definitivamente.*

### **Artigo 26.- Cadro de infraccións.**

*Establecese o seguinte cadro de infraccións:*

#### **26.1 Leves:**

- a) Instalar dispositivos fixos ou móbiles, ramplas ou similares para acceder a garaxes ou espazos abertos sen estar autorizado para elo.*
- b) Instalar rótulos, pintar sinais ou realizar suxestións de calquera tipo, que sen ser a preceptiva de licencia de vao, poidan intentar substituír esta, ou provocar confusión ao resto dos usuarios.*
- c) Realizar pintados do bordo da beirarrúa, sobre a calzada ou outros elementos da vía sen estar autorizado.*
- d) Sinalizar máis metros dos autorizados pola licencia.*

#### **26.2 Graves:**

- a) Non comunicar ao Concello a transmisión ou ampliación dunha licencia de vao.*
- b) Alterar ou modificar os horarios de vao concedidos na licencia.*
- c) Utilizar o local, espazo aberto ou garaxe para fins distintos aos solicitados na licencia de vao.*
- d) Non conservar en bo estado o pavimento, pintura do bordo ou a placa de vao.*
- e) Non retirar as placas unha vez finalizada a autorización correspondente.*

#### **26.3 Moi graves:**

- a) Falsificacións da placa de vao ou instalación doutro tipo de sinais non homologadas por esta Ordenanza.*
- b) Utilizar as sinais de vao en lugar diferente ao autorizado pola licencia.*
- c) A modificación da estrutura do bordo existente e no seu caso da beirarrúa sen ter autorización, co fin de facilitar a entrada e saída de vehículos a garaxes ou outros locais.*




CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

### Artigo 27.-Regularización

*Cando se constitúa un vao sen ter obtido a correspondente autorización, a persoa que corresponda a titularidade do local, espazo aberto, finca ou garaxe será requirida pola Administración Municipal para que regularice este, no suposto de non efectualo voluntariamente requiriráselle para que no prazo de quince días repoña á súa costa a beirarrúa ao seu estado anterior, de non facelo será executado subsidiariamente á súa costa polo Concello e incorrerá nunha infracción tipificada como moi grave no artigo anterior.*

*Non obstante ao disposto polo parágrafo anterior, si o vao reúne as condicións establecidas nesta Ordenanza, poderá solicitar dentro do prazo de quince días, a licencia de vao, todo elo sen prexuízo do expediente sancionador que corresponda pola acción cometida. “*

### ANEXO 1. MODELO DE SOLICITUDE DOS VAOS.

 CONCELLO DE PONTECESO R/ Concello, 18 15110 Ponteceso (A Coruña)		SOLICITUDE DE VAO	
<b>1. Datos do/da solicitante:</b>			
a. Apelidos			
b. Nome		c. DNI-	
d. Domicilio			
e. Telefono		f. E-mail de contacto	
g. En representación de			
i. Domicilio		k. NIF-	
<b>2. Datos do vao a solicitar:</b>			
l. Dirección do inmovible, finca ou local para onde se concede a licencia de vao.			
m. Modalidade de vao solicitado.			



**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

(dentro das indicadas no artigo da presente ordenanza)	
n. Finalidade á que se destina. (garaxe público, particular, unifamiliar, comunitario, comercial ou outros)	
ñ. Metros lineais da autorización solicitados de reserva do vao.	
o. Número máximo de vehículos de capacidade do garaxe para onde se concede a licenza	
<b>3. Documentación a acompañar:</b>	
<ul style="list-style-type: none"><li>• D.N.I. o N.I.F. (do solicitante e/ou representante legal).</li><li>• Documento que acredite a propiedade da finca e representación (no seu caso)</li><li>• Licencia de primeira ocupación da vivenda/Comunicación previa.</li><li>• Licencia, permiso ou autorización municipal que habilite o uso de garaxe no inmovible obxecto de solicitude da licenza de vao .</li><li>• No caso de uso comercial, licencia de actividade ou titulo habilitante no seu caso.</li><li>• Plano a escala da vivenda ou local e localización (tamaño a4) con indicación do lugar de situación do vao e medidas do mesmo así como no seu caso, parte da beirarrúa afectada polo mesmo, indicando os elementos do mobiliario urbano afectados polo vao.</li></ul>	
<b>p. Data e sinatura do/da solicitante</b>	
(salvo sinatura telemática)	

O Alcalde

Jose Manuel Mato Martínez